

## CASTELAO E A FACENDA GALEGA

PERFECTO YEBRA MARTUL-ORTEGA  
Universidade de Santiago

### I. Presentación

Na convocatoria-invitación do *Congreso Castelao* sinalase acertadamente que a indiscutible dimensión histórica e popular do noso devanceiro non se corresponde cun axeitado coñecemento do seu pensamento e obra, nen da incidencia da actuación no nacionalismo galego. As razóns polas que é sobranceiramente coñecido Castelao son políticas, artísticas, literarias, etc. (1), aínda pódese dicir máis, que Castelao non deixou sen comenta-lo ou refiri-los outros eidos que dunha ou outra forma tivesen relación coa súa amada Galicia.

Un destes eidos é o fiscal ou financeiro, obxecto da miña adicación profesional e razón desta comunicación o seu Congreso. Certamente Castelao non era -nin tiña que selo- un especialista nesta materia, pero cando se fai a traveso dun Congreso adicado a súa figura un repaso completo da súa actividade vital, penso que debéranse cubrir o máis posible todas as facianas da súa obra (2). As liñas que seguen están a perseguir-la sinxela finalidade de dar a coñece-lo seu *posicionamento ou actitude* no campo financeiro. Digo deliberadamente posicionamento ou actitude porque -coma salientaba *supra*- non se trata tanto da súa concepción da Facenda en xeral ou da Facenda galega en concreto -coma verase máis adiante-, senón, mais ben, de face-la exposición da idea -que Castelao tiña moi clara- que a Facenda galega era un instrumento imprescindible para o plantexamento da Autonomía de Galicia, que ésta era cousa valdeira sen aquela, que Galicia non podería mellora-la súa situación social e económica sen unha Facenda propia e un axeitado manexo da mesma. Dito doutro xeito, eiqui non estou tanto a perseguir-las posibles concepcións doctrinais financeiras de Castelao, coma a suliñar nesta vegada, unha vez máis, *a súa defensa constante e permanente de Galicia*. Quero dicir, para Castelao defende-la Facenda galega era defende-la prosperidade e provir da súa terra.

---

(1) Vid. por todos. V. Paz Andrade, *Castelao na luz e na sombra*, Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 1982.

(2) Para este traballo empréganse especialmente as publicacións *Sempre en Galicia*, Akal, Madrid, 1977, baixo a abreviatura SEG; e *Discursos Parlamentarios (1931-1933)*, Escolma, limiar e notas de Xosé Lois García, Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 1978, baixo a abreviatura DP. Pola abundancia do seu manexo as correspondentes notas das devanditas obras van directamente intercaladas no texto.

## II. Castelao e Bóveda

Cando se fala da Facenda galega e do Estatuto de Autonomía de Galicia do ano 1936, débese necesariamente face-la referencia a Alexandre Bóveda como o actor e artífice da parte do Estatuto correspondente a Facenda (Título IV). Os traballos máis recentes sobre Bóveda nos dirán: "O Título IV. De la Hacienda Regional, foi elaborado por Alexandre Bóveda e pasou ó Anteproxecto e lógo ó texto definitivo baixo a rúbrica de "Hacienda regional" (3). Na miña opinión, nesta participación pódense atopar dúas fases. A primeira corresponde ó "Anteproyecto de Estatuto da Galiza", maio do 1931, elaborado polo Seminario de Estudos Galegos, no que seu limiar faise o propósito de "facen un estudo cabal do aspecto económico", para o cal confiréuselle o encárrago a Bóveda. O estudo reflexa-la situación da Facenda galega e a do Estado no ano 1930 con abundantes datos estadísticos, que permiten chega-la conclusión de que Galicia sairía ventaxosamente coa autonomía, que ésta non se lle pode negar a nosa terra por razóns económicas, e que o final permitirá dedata-lo Título V, Da Facenda, artigos 32 a 36.

A segunda fase na que Bóveda xoga outro importante papel é no Proxecto de Estatuto, e no seu Título IV, Da Facenda, que foi debatido diante da Asamblea dos Concellos de Galicia nas datas 17 ó 19 de Nadal de 1932 (4).

Pois ben, conven sulñar moi especialmente que os contidos dos Títulos V e IV do Anteproxecto do Seminario e do Estatuto saído da Asamblea do ano 32, e despóis refrendados no ano 36, *non se asemellan prácticamente en nada*, hastra o punto que a filosofía financeira de partida é radicalmente distinta. Se poño especial énfasis neste feito é porque as actitudes de Castelao diante da Facenda galega vanse mover antre estes dous polos, ó tempo que xurde a dificultade de desbotar cales son, ou si as tiña, as ideas propias de Castelao e as concepcións de Bóveda que constituen o substratum xurídico-financieiro das elaboracións estatutarias. Necesariamente vou ter presente nas líneas que seguen estas dificultades, sen que poida, seguramente, facer unha precisión total ó nivel individual dos devanditos persoeiros.

O recoñecemento da asunción das concepcións fiscalistas de Bóveda por Castelao, as reconece permanentemente este último, penso que con admiración hacia ó primeiro e cun fondo afecto posto en tódalas referencias hacia aquil. Pero, ademáis, é que aquelas concepcións foron tamén asumidas polo Partido Galeguista. Precisamente, co gallo da aparición do Anteproxecto de Estatuto do Seminario, denantes mencionado, e cuia data esata foi o 6.5.1931, conta Castelao: "Ao mesmo tempo publicamos un traballo de Bóveda, complementario do anteproyecto de Estatuto, no que se estudaba, con cifras oficiaes, o aspecto económico-fiscal da proposta galeguista, para demostrarmos que nin comprometía os

---

(3) Cfr. B. Cores Trasmonte, *Las polémicas de Bóveda en la gestación del Estatuto de Autonomía*, Edicións do Castro, Sada-A. Coruña, 1986, p. 140.

(4) Vid. meu traballo "A Facenda galega no Estatuto do 36", en *El Correo Gallego*, 28.6.86, suplemento.

intereses galegos nin perxudicaba os intereses dos demáis povos da Hespaña" (SEG, p. 69). Penso que pódese ver eiquí perfectamente reflexada a simbiosis Bóveda-Partido Galeguista en materia de Facenda, da que se fai voceiro Castelao.

### III. Os posicionamentos de Castelao cara a Facenda

Tencionarei sistematiza-los posicionamentos, actitudes, ideas, suxerencias, ou simplemente, denuncias, que reflexan o pensamento de Castelao diante da Facenda Galega.

#### 1. *Fisco e contribuínte*

A situación tributaria do contribuínte galego diante do Fisco, principalmente do agricultor, é denunciada reiteradamente por Castelao no Congreso dos Diputados. Na sesión do 12.5.1932, co gallo do debate do Estatuto de Autonomía de Cataluña, suliñalo sacrificio do traballador campesiño "convertido en esclavo del Fisco" (DP, p. 41), o tempo que rexeita novos recargos contributivos que empeoren a situación daqueles. A mesma actitude atopámo-la na discusión da sesión 22.12.1932 dos Presupostos de Ingresos para 1933, onde dirá: "El Estado sabe que los Gobiernos de la monarquía trataron a Galicia como una colonia convirtiendo a nuestros labradores en esclavos del Fisco" (DP, p. 51). O mesmo tempo sinala que os galegos son bos pagadores. Esta identidade verbal na reiteración encol da escravitude dos nosos paisanos diante ó Fisco, transfórma-la Castelao nun debuxo que leva tamén o título "Os esclavos do fisco".

Tamén noutra intervención parlamentaria na que Castelao aparece coma o primeiro firmante dunha Proposición de Lei na defensa da pequena propiedade rural, atopamo-la mesma denuncia. O contido desta, agás o referido a exención tributaria, aparecía xa no proxecto de Apéndice o Código civil presentado en 1915 -aínda non aprobado-, supoñía unha labourea de revisión do dereito galego, no que se trataban de resolve-los problemas minifundistas. Dirá Castelao: "los agricultores comprendidos en nuestra proposición no viven a costa de la tierra; viven a costa de su trabajo, ...y resulta un sarcasmo considerarles como propietarios... ...y obligarles a tributar sobre las utilidades de su trabajo personal resulta una gran injusticia" (DP, p. 32), chegando a afirmar: "...la existencia de los pequeños fundos gallegos sólo puede explicarse por el amor al terruño, sin cuyo amor se despoblarían totalmente nuestros campos y el Estado quedaría sin la tributación territorial de Galicia" (DP, p. 33). Do texto despréndese que eran ou podían ser dúas as formas tributarias que no sentir de Castelao esmagaban o labrego galego.

As anómalas relacións do campesiño galego e a terra reiteraría-la no libro primeiro de "Sempre en Galicia", 1937 (p. 48), cando decía: "Os labregos nin son obreiros nin patróns. Chámanlle propietarios; pero a súa propiedade non pasa de ser unha simple ferramenta de traballo. Así caen mellor nas gadoupas do fisco e da usura. Os labregos ven o Estado en figura de recaudador de contribucións". Ademais de expresar gráficamente nun debuxo esta situación, Castelao expresa co

maximo realismo o que poidera se-lo "clima" fiscal en Galicia antre os contribuintes e a Facenda, que para il teñe un importante transfondo político, posto que a inxusticia económica e fiscal é imprescindible supera-la, senon se quere que a República aparezca diante dos labregos "sólo en forma de recaudador de contribuciones" (DP, p. 52). Penso que Castelao, intelixentemente por unha banda, e convencido pola outra, sabe que ó apoio ó novo réximen republicán pasa por un cambio radical das estruturas económicas e sociáis.

## *2. Situación económica e Facenda*

Non sofo denuncia Castelao coma il entende a situación individual do labrego contribuinte, senón tamén, a enmarca na situación económica xeral de Galicia dende a perspectiva dos ingresos-gastos públicos. Quere-se decir, ou mellor dito, quere-se reposta-la pregunta de si Galicia recibe menos, igoal, ou máis por parte da Facenda do Estado que ó que ó Estado recauda na rexión galega.

Este binomio gasto-ingreso, recibido-recaudado aparecenos coma unha idea clara para Castelao, coma unha meta reivindicativa, posto que non se conforma con exemplos cuantitativos correspondentes ó seu tempo político, senón que anos máis tarde acode tamén os exemplos hitóricos. Eisí, atopámonos no libro terceiro de "Sempre en Galicia", 1947 (pp. 400-401), co recordatorio dun memorial feito ó Rei en 1659, onde se lle expoñían os "servicios, contribuciones y tributos" pola obtención de certos beneficios, coma fora o voto en Cortes, e fai conta antre os anos de 1624 a 1659 pola que "Galiza, pois, a pesares da sua pobreza, regaláballe â Coroa de Castela, xunto co usufructo dos foros señoriaes, tres veces máis do que pagaban os outros povos hespañoes" (SEG, p. 401). Castelao afirma con frecuencia -coma xa teño sinalado- que os galegos eran bos pagadores.

Noutras vegadas Castelao cita os exemplos de Bóveda encetados nesta disfuncionalidade presupostaria e dirixidos a amosar as ventaxas da Autonomía. Eisí, dos 116 millóns de pesetas gastados polo Estado en 1933 en Obras públicas, Reforma agraria, e Réxime de trigos, ningunha destas melloras aplicáronse en Galicia. En Agricultura o Estado gastou en Galicia a miseria de catrocentas mil pesetas. Castelao argumenta -supoño que seguindo a Bóveda- que de acordo co artigo 23 do Estatuto houbéralle correspondido a Galicia unha parte proporcional dacordo coa poboación, cuia tradución pecuniaria subiría por enriba dos 11 millóns de pts., podendo con elo mellora-la situación do campo galego (SEG, p. 95).

Este tema, encol do deficiente tratamento presupostario que está a receber Galicia, xurde primeiramente nunha intervención parlamentaria encol dos problemas de Galicia ó 23.5.1933. A sua teima será a situación do ferrocarril en Galicia, a sua desventaxa con outras rexións, sempre privilexiadas. Non se pode exculpar na pobreza do Estado -dirannos Castelao-, "También la pobreza de Galicia pudiera disculpar, en cierto modo, el abandono en que la tiene el Estado, si éste, por otra parte, no la obligase a tributar como rica" (DP, p. 63). Despois de expoñe-las ventaxas a favor do noso ferrocarril, Castelao expora-las argumentacións de carácter fiscal coma reproche directo ó Estado. Toma coma ano de referencia o de 1930, no que Galicia satisfizo ó Estado 135 millóns e recebeu 126 mi-

llóns, quedando un remanente de máis de 8 millóns, que aínda pode elevarse hasta 12 millóns, sendo iste un ano favorábel para Galicia (DP, pp. 65-66). Neste caso compre suliñar que as cifras que ofrece Castelao están tomadas do Anteprojecto de Estatuto do Seminario de Estudos Galegos. Pasado o tempo, en 1943, volverá a repetir "Con números da propia Facenda hespañola demostraríamos dúas cousas: Que a tutela do actual Estado resulta excesivamente cara para nós e que nos sobra capacidade económica para vivir con independencia" (SEG, p. 417).

### ***3. Administración financeira única para Galicia***

Castelao, seguindo o proxecto de Bóveda, defende unha Administración da Facenda única para Galicia. Non debemos esquecer que no ideario do Partido Galeguista figuraba coma unha das súas primeiras reivindicacións a desaparición das Diputacións e xurídicamente o Estatuto previu no seu artigo 18, c) que todos os bens, impostos, taxas e dereitos das Diputacións galegas formarían parte da Facenda de Galicia. Polo tanto, a posibilidade xurídica dunha Administración única na materia financeira quedaba aberta.

Pero tamén existía outra xustificación por razóns de eficacia e economía, posto que os gravámenes do Estado, das Diputacións e dos Concellos supoñían unha "triplicidade de oficiñas, de documentos e de gastos" que xeneraban un "sistema inxusto, complicado e arbitrario e custoso" (SEG, p. 123). Castelao recorda que Bóveda tiña desenrolado "deica os máis pequenos aspectos da función ademestrativa" (SEG, p. 125), polo que ademáis das oficinas centrais correspondentes o Departamento das Finanzas Galegas, a estrutura da Xunta de Galicia "require a orgaización d-unha oficiña única en cada comarca natural, con todo-os servizos fiscaes transferidos pol-o Estado, máis os das Diputacións suprimidas e os dos Concellos" (SEG, p. 126). A súa función sería a típica da xestión tributaria. O parecer tamén existirían outras institucións nas que Galicia estaría representada ó nivel do Estado -digamos que colaboradoras- da Facenda Pública Galega, coma sería a que Castelao denomina "Xunta de Aranceles e Valoracións", e de carácter económico: o "Consello da Economía Nacional e outros (SEG, p. 414). Tampouco esquencese de sinalar Castelao que este modelo de Administración non suporía unha maior burocracia, posto que a "burocracia rexional estará constituída polos empregados das catro Diputacións provinciales que se refunden e pol-os funcionarios adscritos aos servizos que se traspasen a Galiza" (SEG, p. 94).

### ***4. A necesidade dun novo sistema fiscal para Galicia***

Castelao afirma -seguindo a Bóveda e penso que asumindo tamén as concepcións do Partido Galeguista, que non eran outras que as de Bóveda- que "é preciso transformar o sistema fiscal de Galicia" (SEG, p. 123). Acusa-lo sistema de "inxusto e anticentífico" polo peso dos impostos indirectos (SEG, p. 123). Non obstante, se se compara o recadado polos impostos directos e indirectos do cuadro A) do Anteprojecto de Estatutos do Seminario de Estudos Galegos, é moi

superior o obtido polos primeiros fronte os segundos, e soio se aproximan se se incluen nos indirectos o recadado polas Aduanas. Segundo esto, poderíase deducir que Castelao non tiña claro este tema, ou que a súa acusación contra os impostos indirectos e os municipais que gravaban os artigos de consumo a fundamentaba en que "non se establecen atendendo á capacidade contributiva das persoas" (SEG, p. 123), quérese dicir que pagan tanto os probes coma os ricos porque, en definitiva, os impostos indirectos o que gravan é o consumo. Segundo esto último Castelao amosa unha clara sensibilidade por unha cuestión máis ampla, de principio, a xusticia fiscal.

Para entende-lo anterior e as consideracións que están a seguir sobor do sistema fiscal conven facelas seguintes consideracións.

No devandito Anteproxecto de Estatutos do ano 31 establecía-lo artigo 29 coma competencia do Estado galego: "a) Régime tributario, agás o imposto d'aduanas". Segundo esto Galicia tería unha competencia plena para establece-lo seu sistema fiscal, seu *propio* sistema fiscal, sen cortapisas nin limitacións. A única excepción ou limitación era plenamente lóxica -a de Aduanas- se non se quería racha-lo espacia económico común, aínda que Galicia sería escoitada para o establecemento das tarifas. Pódese corroborar esta afirmación dun sistema fiscal propio o face-la comparación co Título V "Da Facenda", posto que eiqui o artigo 33 imponía a Galicia a obriga de contribuí-las cargas xerais da Federación española con unha cantidade. Este sistema aproximárase o actualmente existente de convenio ou concierto económico de Euskadi e Navarra, satisfeito mediante o cupo ou cuota. O artigo 34 preveía a existencia dun imposto directo e único sobre as rendas, que máis adiante se comentará. E no artigo 35 decíase: "Haberá ademáis os impostos indirectos que se establezcan con arreglo ás leises", quer dicir, non se excluía-la imposición indirecta, aínda que quedaba con total imprecisión.

Certamente, e coma se dixo o principio, antre o previsto neste Anteproxecto e o despois consagrado no Estatuto, media unha diferenza coma o día e a noite, sen esquencer que Bóveda é o artífice en ámbolos dous supostos, o que siñifica ou manifesta-lo seu pragmatismo. Cando Castelao reproduce e asume estas ideas fiscaís o fai no remate do ano 1937, e polo tanto, ou non aceptaba o contido do Estatuto do 36 -cousa que non parece con base-, ou vivía na lembranza dos anos anteriores -o máis probable-. Certamente, se se acode-lo contexto máis amplo, Castelao está a lembralos traballos presentados nas Asambleas galeguistas (SEG, p. 121).

Convén acudi-lo posicionamento de Castelao diante da discusión do Estatuto de Autonomía de Cataluña. Lembremos que a Constitución Española aprobada o 9.12.1931 non formulou un proxecto claro de financiación das Facendas rexionáis, deixando, polo tanto, grande liberdade para a redacción dos Estatutos. Neste senso, pódese dicir que marca o paso o Estatuto de Autonomía de Cataluña aprobado por Ley de 15 de setembro de 1932 (5). Castelao na súa intervención parlamentaria do 12.5.1932 móstrase favorable -coma tódolos parlamentarios

---

(5) Vid. J. del Pozo, "Análisis comparativo del régimen financiero y tributario de las Constituciones de 1931 y de 1978", en *Hacienda Pública Española*, nº 59, 1979, pp. 212-217.

pertencentes ó Partido galeguista- a que se lle concedese a Cataluña "los poderes que reclama para su libertad y las fuentes de ingresos que necesite para su autonomía" (DP, p. 36).

Ainda que este posicionamento era perfectamente claro e sincero, paréceme atopar unha queixa ou unha amargura nesta intervención parlamentaria de Castelao, como imos ver. Invoca o noso devanceiro o dereito dos cataláns a establecer un réximen económico, fiscal e financeiro "adaptado as suas características e completamente libre" (DP, p. 38). Mas se lembramos, este proxecto de Estatuto de Cataluña se está a discutir en maio e coincidirá sustancialmente co aprobado en setembro naqueles eidos financeiros. Seu contido ou a sua fórmula de financiación para Cataluña supón un modelo que se alonxa diametralmente do modelo ou fórmula do Anteprojecto de Estatuto de Galicia do Seminario de Estudos Galegos, Por enriba, o Proxecto de Estatuto de Galicia aprobado na Asamblea de Municipios de Nadal de ese mesmo ano de 1932 *vai a ser unha reprodución* do xa vixente nese momento Estatuto de Cataluña.

Penso que xa estamos en condicións de entende-lo pensamento de Castelao, mellor dito, seu presentimento, que non era outro que ollaba que iste proxecto de Cataluña iría a condiciona-lo posterior galego, coma logo así foi. Por elo nos dirá: "es preciso buscar una fórmula..." "La de concederle a Cataluña una participación en los ingresos del Estado nos parece sencilla, pero *nosotros no debemos aceptarlo, por ser contraria a nuestro ideal*, pues con ella los pueblos autónomos quedarían sometidos a una especie de régimen de caridad, tan artificial e inflexible, como el de las participaciones que perciben las Diputaciones actuales, y principalmente porque es *contraria a la esencia misma de la autonomía*; con esta fórmula privaríamos a los pueblos de la única gimnasia que les puede dar vida: la de una regulación característica y flexible de su economía y, sobre todo, de su *régimen fiscal*, y, además, porque con ella persistiría el anticuado y desigual régimen contributivo que venimos padeciendo y que las *regiones perjudicadas tienen que combatir*. Finalmente, esa fórmula representa un *criterio centralizador*, que es precisamente lo que nosotros combatimos" (DP, p. 39, as cursivas son miñas). Ainda que logo, penso que paga a pena a transcripción deste párrafo para coñecer o estado de ánimo de Castelao, o seu grao de conciencia do problema que se avecinaba para-la autonomía galega -que ipenso que era total!-. Fagamos un repaso: non era o ideal dos galeguistas, era contrario a autonomía, non dotaba a ésta do seu propio réximen fiscal, Galicia, coma rexión perxudicada continuaría-lo sendo, era, una vez máis, a representación do refugado centralismo. Engadiría máis adiante Castelao "El dictamen de la Comisión nos parece bien en la forma, pero mal en el fondo" (DP, p. 39).

Castelao preocupábase da fórmula adoptada de "cesión de tributos" -na terminoloxía da actual Constitución de 1978- que debería ser compensada con unha fórmula que buscábase-lo medio de acadar a xusticia axeitada, cousa que non atopaba Castelao no Dictamen da Comisión. Dende esta posición e doutros aspectos nos que non podemos afondar, Castelao propón unha fórmula: "Concesión de más o menos contribuciones, sin régimen de concierto en ningún caso, y contribución de las regiones al Estado progresivamente sobre la renta para compensar las desi-

gualdades que el réximen de protección viene a establecer, haciendo a unos pueblos españoles tributarios de la produción de otros. La tributación progresiva haría el papel de regulador. Los tipos se deben señalar cada ano al aprobar el presupuesto o en los períodos de tiempo que se fijen, y el Impuesto de Utilidades puede ser en principio la base de este réximen, que es el único justo" (DP, p. 40). Esta é a opinión de Castelao en termos xeráís e sen ánimo de -coma il di- de "entablar discusiones inútiles", polo que seu contido non está desenrolado e non coñecemos cal sería a interpretación auténtica do propósito de Castelao con esta proposta.

Segundo a miña interpretación, o sentido da proposta de Castelao sería-la seguinte. Primeiro, clara renuncia o réximen de concierto económico. Segundo, busca-la tributación progresiva mediante a Contribución de Utilidades aplicando suas tarifas coma medio de grava-las rendas. Deste xeito, as rexións máis ricas contribuirían máis porque lóxicamente sería maior a súa renda. O contrario, a imposición de produto, rústica e urbán, non poderían sufrir ningún incremento, sendo estes tributos os de maior recadación en Galicia, sinalando Castelao que a capacidade tributaria de Galicia está completamente esgotada porque as contribucións non teñen fugas (DP, p. 41), quere decir, a vía do fraude era difícil, cousa que non estaba a acontecer na Contribución de Utilidades, onde defraudábase con mais facilidade. Encol da utilización deste tributo coma pivote para facer tributa-la renda, ou xérmolo dun imposto sobre a renda, insistiréi máis adiante. Castelao fai referencia a esta tributación expresa sobre a renda no debate de Presupostos de ingresos para 1933 (DP, p. 50).

Coma remate das propostas galeguistas para acadar un novo sistema fiscal, ademáis das xa mencionadas, debe suliñarse a proposta dun *imposto único*, da que falarei no próximo epígrafe, é o que eu chamaría: o sistema baixo a proxección da utopía.

Sobor deste último diranos Castelao: "Establecerase a libreta de contribuinte para que éste poida pagar as cuotas según lle conveña" (SEG, p. 124). Sen entrar noutros detalles, non se pode negar que a devandita proposta, pola súa sinceridade e sinxeleza, non pode por menos que producir un sorriso. Un tal sistema poidería ser desexable, pero tamén sabemos das esixencias dos procedementos tributarios que non soportarían tales facilidades os contribuintes. E que, ademáis, por outra banda, o pagamento dos gastos públicos sufriría-la aleatoriedade deste "según lle conveña", sen pensar na complexidade administrada que elo conlevaría.

##### *5. Os impostos na Facenda galega*

Atopamos con frecuencia nos traballos de Castelao referencias a figuras impositivas concretas, e paga a pena facer algúns comentarios delas.

Unha xa anunciada *supra* é a do *imposto único*. Varias eran as razóns para seu posible establecemento. Lembremos que o novo sistema fiscal tencionaba acadar unha simplificación dos gravámenes existentes. Para encetar este obxectivo pretendíase, cos impostos que fosen transferidos polo Estado a Galicia e mailos que cobraban as Diputacións e os Concellos, procede-la súa refundición nese de-

vandito imposto único (SEG, p. 124). Castelao confiaba nos coñecementos de Bóveda sobor da ciencia fiscal e da técnica recaudatoria, segundo os cales era posible o establecemento do devandito imposto, "pero a condición de abordalo en varias etapas e obedecendo a un plan de realización gradual" (SEG, p. 125). Non cabe dúbida que estas palabras están cheas de prudencia e senso común. Na terceira etapa acadaríase a confección das tarifas, pensando nunhos tipos proporcionais para a imposición de produto; nembargantes o ideal era unha imposición xusta que gravase o capital e as rendas e que "aplicase escadas progresivas de tributación" (SEG, p. 125).

Parésceme que diante destas propostas estábamonos a mover a favor dunha imposición xeral sobre a renda, ou correspondente *-servata distantia-* do actual IRPF, ou Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas de 1978. Dende unha perspectiva conceptual xurídico-tributaria a proposta a prol dun imposto sobre a renda non era ningunha novidade, outra cousa podería se-la especial incidencia para Galicia en conexión cun plan xeral de financiación das rexións da recente República. Sobor do primeiro, no remate do derradeiro século, son analizados estes problemas por Brañas (6). No comezo deste século xurden por primeira vez propostas lexislativas a favor do establecemento dun gravamen global sobre as rendas das persoas físicas. Podemos lembrar a Cobián en 1910, Suárez Inclán en 1913, Cambó en 1922, autores de proxectos que non chegaron a ser aprobados. A estes debemos engadir, quizáis o máis importante, o proxecto de reforma tributaria de Calvo Sotelo en 1926, polo que se criaba-lo imposto sobre a renda, o tempo que absorvía-las contribucións territoriais, industrial, de utilidades, as cédulas persoales, etc. Este proxecto non chegou a ser Lei. Finalmente, o Imposto sobre a Renda incorpórase o sistema tributario español o 20.12.1932 (7).

Nos textos de Castelao manexados non atopei ningunha referencia expresa a estes precedentes e a realidade lexislativa sobor da existencia dun imposto único sobre a renda. Nembargantes, penso que sí se pode atopar unha referencia implícita e de grande importancia. Cando se están a debatir os Presupostos de ingresos para 1933, sesión do 22.12.1932, días despóis da existencia legal no novo Imposto sobre a Renda do Ministro Carner -polo que Castelao non podía descoñecelo- díranos: "Ya que la República no quiso acometer con valentía la reforma de las injusticias económicas y fiscales, estableciendo la *tributación progresiva sobre la renta* -como yo propuse al hablar del Estatuto catalán-..." (DP, p. 50). Penso que esta acusación que Castelao fai contra a República refírese directamente ó establecemento do devandito Imposto sobre a Renda xurdido nesas mesmas datas e que, ademáis, Castelao tiña todala razón en facer dita acusación e queixarse polo que atinxía a Galicia. O Imposto sobre a Renda de 1932 non absorbeu ningún dos tributos existentes -contrariamente as propostas galeguistas-, e veu a superpoñerse os tributos xa existentes coma un imposto complementario e en analogía o *surtax*

---

(6) Vid. meu libro, *La descentralización económico financiera en Alfredo Brañas*, Secretariado de Publicaciones, Universidad de Santiago, 1971, pp. 31-40.

(7) Vid. meu libro, *La justicia fiscal y el impuesto sobre la renta*, Secretariado de Publicaciones, Universidad de Santiago, 1973, pp. 121 y ss.

inglés. Sóio estaban sometidas ó Imposto as rendas superiores a 100.000 pesetas, polo que é fácil deducir que para os precios daqueles tempos a súa aplicabilidade quedaba fortemente mermada, seus efectos serían mínimos (8).

Pero ademáis, ó tempo que Castelaio tiña razón porque non se melloraba a xusticia fiscal do sistema impositivo, a inexistencia dun imposto único e progresivo sobre a renda tiña un efecto negativo para Galicia, posto que a tributación seguía a grava-las rendas ou productos rústicos e urbáns. Precisamente neste debate presupostario, despois de denunciar que o Presuposto da República para o ano 1933 era tan malo para Galicia "por no decir peor" coma os de anos anteriores (DP, p. 44), Castelaio arremete contra a *Contribución*, tan humillante coma o foro, "por la injusticia fiscal, el trabajador campesino tributa como si fuese un propietario de ciudad" (DP, p. 44). O noso devanceiro lembra-la Proposición de Lei xa presentada e que "duerme el sueño de los justos en la Comisión de Agricultura" (DP, p. 45), e coa que propuñabala "liberación tributaria" dos pequenos propietarios.

A proposta concreta consistía nunha exención para os pequenos propietarios ruráis con unha cuota inferior a 25 pts., o que supoñía un líquido imponible de 100 pts. e unha capitalización de 2.000 pts. O resultado final consistiría nunha exención para aquelas familias campesiñas que, en terras e gando, seu patrimonio non superase as 2.000 pts. (DP, pp. 45 e 48).

Outra das inxusticias que denuncia Castelaio é contra os efectos da *Contribución Territorial Urbán* posto que -segundo il- tomaba-la vivenda rural coma renda do propietario, non tendo verdadeiramente un valor económico independente fora da finca ou servicio agrícola a que está destinada. Decía: "Es injusto aplicar a las construcciones rurales el criterio que se sigue para la formación del Registro fiscal. Los técnicos, ateniéndose estrictamente a la ley, sujetan a tributación las miserables viviendas, los cobertizos con techos de paja, las cuadras y hasta los hórreos elevando la tributación en forma insoportable, que no responde al valor en renta de estas construcciones, puesto que ni la producen. ...Estas viviendas... no son más que un complemento de la misma tierra (DP, p. 46). En "Sempre en Galicia" atopámo-la referencia concreta o Ministro Carner -o que ven a amostarnos que a miña argumentación anterior era certa- referido a este eido, quen polo visto pretendía un novo amillaramiento das fincas rústicas, pero non en base o seu valor en renda, senón do capital que potencialmente representan (SEG, pp. 412-13). Efectivamente, a preocupación de Castelaio era que as terras e os bens urbáns -segundo nos explica- a efectos fiscaís tiñan un valor superior en venda que a renda que realmente estaban a producir, ó que supoñía un efecto esmagador sobre a economía campesiña e a economía en xeral de Galicia (SEG, p. 413), ó que por outra banda, era contrario as técnicas facendísticas de gravamen da terra.

Para Castelaio facía falla que a "pequena propiedade rural sea considerada como instrumento de trabajo, a los efectos de la tributación y del embargo" "...los galleguistas, que amamos la democracia y la libertad, quizá por un atavismo celta; ...defendemos la liberación jurídica y fiscal de la tierra; ..." (DP, p. 47), "...se hace necesaria una especial protección de esta estructura económica con bonificacio-

---

(8) Vid. meu libro, *La justicia...*, op. cit., p. 187.

nes fiscales que le permitan subsistir" (DP, p. 48). O agravio comparativo era moi acusado en canto o campesiño soportaba moitos gravámenes e o obreiro ficaba exento de tributación polas utilidades do seu traballo persoal (DP, p. 48).

Todas estas cuestións incidían fortemente no plantexamento autonómico xurdido a partires do Aneproxecto de Estatuto do ano 1931 e demais acordos do Partido galeguista, trastocando-la filosofía dunha Facenda propia para Galicia, ó tempo que esvaían as arelas dunha maior xusticia fiscal na nosa terra. Máis non sóio esto, senón que -coma conta Castelao- as necesidades financeiras do Estado cubríanse por *recargos sobre as coñecidas Contribucións*, ó que, unha vegada máis, viña a agrava-la situación xeral de Galicia (DP, pp. 49-50). Castelao era conscente que cun modelo autonómico semellante ó de Cataluña, coa cesión das Contribucións territoriais -certamente con unha importante cifra de 24 millóns de pesetas en relación os outros ingresos recadados en Galicia- non permitiría correxi-la situación e as inxusticias acudindo a súa redución, posto que desapareceran as posibilidades dun imposto único e progresivo sobre a renda e a redución siñificaría diminución de ingresos públicos para a Facenda autonómica galega. O plantexamento en teoría era correcto.

Unha derradeira referencia impositiva refírese ó *Imposto de Aduanas*. Castelao fai mención con frecuencia dil, non convén esquecer que no terréo económico o programa do Partido galeguista era librecambista (9).

Diranos Castelao o falar do arancel protector: "¿Está protexida Galicia ou tansiquera compensada?. Todos sabemos que a nosa Terra é librecambista por natureza e que non necesita nin lle convén o réximen arancelario... por culpa do arancel vive Galicia sometida o mercado hespañol, onde ten que comprar todo a precios recargados e vender todo a precios de irracional competencia, co que a nosa economía se vai entrampado e afundindo sen remisión. A salvagarda do mercado hespañol corre a costa exclusiva de Galiza, a quén se lle impón a proeza como premio do traballo, ..." (SEG, p. 414). En supostos concretos Castelao analiza os efectos das tarifas do arancel e o millo (SEG, p. 132).

Xa noutro lugar *supra* fixen a precisión -o estuda-la proposta dun sistema fiscal novo- coma a pesares das dificultades que supoñía un sistema proteccionista apoiado no arancel de Aduanas, o Anteproxecto do 31 era coscente que este imposto corresponderíalle en exclusiva ó Estado, aínda que con unha posibilidade de participación a prol da Facenda galega. Lembremos que o Art. 29, a) decía "Régime tributario, agás o imposto d'aduanas. O establecemento das tarifas arancelarias verificaránse por acordo antre'os poderes federal e galego".

Coido que co dito hastra agora queda suficientemente exposto o posicionamento ou actitude de Castelao diante da Facenda Galega.

---

(9) Vid. A. Alfonso Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía de Galicia, 1931-1936*, Akal, Madrid, 1976, p. 177; dinos o autor: "Un último aspecto de la política económica del Partido Galeguista era su carácter librecambista, carácter que chocaba inmediatamente con la política llevada hasta el momento por el Estado español.

#### IV. Conclusións

Penso que estamos en condicións de tira-las seguintes e breves conclusións:

- 1) A acusación permanente e rexa dos prexucios que o sistema fiscal vixente no seu tempo producía no contribuinte galego, especialmente no labrego.
- 2) Fondo sentimento de xusticia expresado na necesidade de cambea-la situación atendendo-la verdadeira capacidade contributiva dos obrigados tributarios.
- 3) Defensa permanente e conscente da Autonomía de Galicia baseada no acertado convencemento de que non podería haber autonomía política se non había autonomía financeira axeitada as necesidades do país galego. Este postulado segue a estar vixente hoxendía a pesares de ter transcorrido medio século.
- 4) Perfecta interrelación entre Facenda-Autonomía e Benestar. Sen unha Facenda galega non habería Autonomía Política e sen ambas-duas non se acadaría o arelado benestar de prosperidade de Galicia.